



ibermutuamur

Mutua colaboradora coa
Seguridade Social n.º 274



Vostede pode pedir unha segunda opinión médica

Se ten dúbidas sobre o diagnóstico ou o tratamento prescrito, consulte co seu médico.

El informarao sobre como solicitar unha segunda opinión médica.

¿Que é a segunda opinión médica?

É a valoración realizada por un médico experto sobre o diagnóstico, o prognóstico, o tratamento e as orientacións de futuro dun proceso clínico dun paciente, cando nun primeiro informe:

- Foille diagnosticada unha enfermidade de prognóstico reservado ou que afecta significativamente á súa saúde.
- Indicóuselle que recibise un tratamento de risco.

Unha vez que se complete o diagnóstico e sempre que non requira tratamento urxente.

A segunda opinión médica está indicada tamén nos procesos ou procedementos asistenciais que, a criterio do paciente, requiran ampliar ou completar a información médica para resolver dúbidas e xerar confianza e seguridade.

Se implica desprazamentos a outros centros ou gastos adicionais, serán asumidos por Ibermutuamur.

¿Que non é a segunda opinión médica?

Non debe confundirse este servizo cos procesos de impugnación da alta médica, coa cualificación do proceso como laboral ou común ou coas formulacións de queixas ou reclamacións. Para estes casos, pode contar tamén coa nosa axuda no mostrador da recepción para a súa formulación diante da autoridade competente.

Tampouco debe confundirse coas derivacións ao nivel especializado, mediante interconsulta habitual.

¿Que implica a segunda opinión médica?

A emisión dun informe coa segunda opinión médica, a partir de:

Unha nova valoración clínica realizada por un facultativo experto nun centro acreditado, distinto do que emitiu o primeiro diagnóstico ou proposta terapéutica.

Unha análise de todos os antecedentes médicos da historia clínica do paciente.

Un recoñecemento médico especializado.

A realización de todas as probas complementarias que resulten necesarias.



¿Como a pode solicitar?

Para poder solicitala o paciente deberá cumprimentar a solicitude «Segunda opinión médica» que está dispoñible en:

- Todos os centros asistenciais de Ibermutuamur.
- No Portal do Paciente.
- Na páxina web www.ibermutuamur.es

E presentala:

- De forma presencial, en calquera centro asistencial o administrativo de Ibermutuamur.
- De maneira telemática, a través do Portal do Paciente.

Prazos para a resolución das solicitudes

O director provincial de Ibermutuamur, trala valoración da solicitude co médico responsable do proceso asistencial, notificará ao paciente, **no prazo de 3 días dende a súa presentación, o centro sanitario acreditado e o facultativo experto que deberá emitir a segunda opinión médica, así como a data e a hora da cita.** O prazo máximo para a cita será de 10 días, agás nos casos de prioridade clínica, nos que se realizará nun máximo de 3 días.

Emisión da segunda opinión médica

A segunda opinión médica será emitida polo facultativo experto do centro sanitario acreditado nomeado por Ibermutuamur, mediante informe escrito **no prazo de 3 días contados dende o recoñecemento médico que lle realice**, agás que se precisen exploracións ou probas complementarias, en cuxo caso, o prazo será contabilizado a partir da finalización do estudo clínico.

O informe dunha segunda opinión médica conterá unha valoración argumentada sobre o diagnóstico, o prognóstico e o tratamento da enfermidade do paciente, así como das orientacións de futuro, e incluírá unha conclusión final, en termos comprensibles para o paciente. Este informe incorporárase á historia clínica e entregárase ao interesado, deixando constancia da súa recepción.

Para máis información, pode consultar o seu médico ou acudir á Oficina de Atención ao Cliente do seu centro asistencial de Ibermutuamur.





ibermutuamur

Mutua colaboradora coa
Seguridade Social n.º 274

Vostede pode pedir unha
segunda opinión médica

 900 23 33 33
www.ibermutuamur



ISO 14001:2004



ISO 9001:2008



Síguenos en:

